

## Igrexa parroquial de San Cibrao

020087

### Datos de Localización

Igrexa

<b>Nomenclator:</b>	3201206
<b>Coord. UTM:</b>	<b>X:</b> 606664 <b>Y:</b> 4649447
<b>Concello:</b>	Os Blancos
<b>Parroquia:</b>	NOCEDO
<b>Lugar:</b>	Nocedo
<b>Tipoloxía:</b>	Arquitectura Religiosa
<b>Tipo:</b>	Igrexas
<b>Subtipo:</b>	Igrexa



**Denominación:** Igrexa parroquial de San Cibrao

**Etapa Histórica:** Idade Moderna

**Estilo relevante** Barroco

**Outros Estilos:** Románico

### Descrición:

Realizada en perpiaño, presenta planta rectangular e cuberta de tella a dúas augas. O presbiterio é máis baixo e estreito. A sancristía atópase adosada ao presbiterio, no seu lado esquerdo. No libro 4.10.8 de Nocedo atópanse unha serie de referencias sobre a construción da sancristía:

fol.50v."Para el Agosto de mill setecientos y quinze nombro el lugar de Nozedo por colector de primicias a Domingos Morero, vezino de dicho lugar que cobro veinte y ocho tegas de pan, que entrego a estevan Garcia Maestro que hizo la sacristia por concierto que con el se hizo, en cuya verdad lo firmo"

"Antonio Lopez vezino de Nozedo y colector de Primicias de aquel lugar en el año de mill setecientos y catorze, pago los ochenta y cinco reales, y medio de su cargo, que los cinquenta entrego, al Pedrero de la sacristia, y los treinta y cinco y medio al carpintero de dicha obra, y no queda deste año a deber cossa alguna en cuya verdad lo firmo".

Fol.51v. Gastos da sancristía.

"Al Pedrero que hizo la sacristía, y otros reparos, en capilla, y altar maior se le dieron por ultimo Postor, quinientos y treinta reales".

"Al carpintero queu la techó, segun la mesma forma ciento, y treinta y cinco"

"la teja para la dicha sacristia, costó cinquenta y quatro reales"

"la zerradura de su puerta, veinte y quatro reales"

"las visagras quatro reales"

Na fachada principal ábrese unha portada de factura románica, con arco de medio punto co extradós decorado con motivos de lazaría e moldurados. Na liña de imposta repítese esta decoración de lazaría. Dúas columnas flanquean a entrada, a da dereita cun capitel decorado con motivos de lazaría e o da esquerda cun motivo en espiral. A ámbolos dous lados, a diferente altura apréciase unha cruz gravada en cadanseu sillar.

Apréciase o cambio de estilo arquitectónico na parte superior. Así, enlazando o paramento coa espadana, a cada lado aparece, unha pequena cornixa e unha aleta decorada cun pináculo piramidal. No medio ábrese un vano rectangular abucinado. Espadana dotada con dobre corpo. No corpo inferior con dobre arco de medio punto, albergando dúas campás. No superior un arco de medio punto flanqueado por pináculos piramidais e coroado por unha cruz. No libro 4.10.8 de NOCEDO hai unha serie de datos sobre a construción do campanario:

Relación de gastos e ingresos feitos no ano 1806:

"Ytem diez reales que se le pagaron a Conde por los palos que dio para la obra de la Yglesia".

"Ytem dos mil nuebecientos cinquenta reales vellon que llevo Joseph Vidal maestro cantero, por hacer la obra del campanario, en que a publicas posturas sel remató".

S.fol. Contas das primicias do ano 1806.

O recolector de primicias, o que xuntou "... Entregó a Sebastian Garrido maestro cantero que limpio la Yglesia por su paredes de afuera, e hizo la espadaña del frente...".

S. Fol. Contas axustadas da igrexa a 18 de Abril de 1814.

"De en descargo, y se le admite en data, un mil nuebecientos ochenta y cinco reales que pago al campanero que hizo la campana segun recibo del mismo que exhibió".

"Ytem: veinte y ocho reales que pagó al maestro carpintero por acer el cepo de dicha campana".

"Ytem: al herrero que hizo los ierros para la referida campana quarenta reales".

"Ytem: treinta y nueve reales que tubo de costo el hierro que llebó el cepo de la campana, y badajo".

"Ytem: doscientos quarenta reales que tubo de costo la vidriera que se puso en la frontera de dicha Yglesia de Nocedo".

"Ytem: ciento treinta reales por el palo que sirbio para acer la escala del campanario".

Na fachada lateral esquerda, na parte superior aparecen dous vanos de arco de medio punto, decorados con molduradas e cegados. Na zona do presbiterio, unha ventá rectangular.

Na fachada traseira, saliantar a ventá de estilo románico. Está enmarcada por columnas con capiteis decorados con motivos de espirais, con desenrolo lonxitudinal, enfrontados e unidos na parte central. A basa destas columnas apoia sobre pedestal cúbico. A arquivolta presenta motivos de perlas no interior e de zigzag no exterior. Na liña de imposta aparecen molduras.

No lateral dereito, na parte superior aparecen dúas ventás rectangulares moi estreitas. A sancristía ten unha ventá rectangular abucinada, que se repite na súa parte traseira.

Esta construción está circundada por un muro de sillería con remate troncocónico (NOCEDO. Libro 4.10.8. Fol.4. Visita do 10 de Maio de 1651. "Y el Adrio se cierre con mui buena piedra, y a las entradas se ponga alguna Reja de palo o puerta para que los ganados no entren dentro y este limpio y aseado y lo cumplan paena de excomunion maior dentro de ocho días") na zona traseira pasa a ser cachotería. No seu interior ubícase o camposanto.

No libro 4.10.8 atópanse datos sobre a tribuna:

s.fol. Despois das contas de primicias do ano 1833, ven unha relación de ingresos e gastos, que datarse polos anos 29-30 do S.XIX, ata o ano 37, que é cando se empeza o seguinte axuste:

"mas ciento quarenta y tres reales a los carpinteros que hicieron la tribuna".

### **DOCUMENTACIÓN:**

-Inventario del patrimonio arquitectónico de interés histórico artístico. Ministerio de Cultura.

-Ficha S.I.A.A.E. Ministerio de Cultura.

-A.H.D.OU.

COVELAS, Santa María

4.6.8. Visitas (1769-1805). Primicias (1769-1800).

Fol. 183, 1699 "en el año 1699 aun en Nocedo habia una casa diestral terrena".

NOCEDO (anexo de SANTA MARÍA DE COVELAS)

Libro 4.10.8.

## **Características Construtivas**

**Plantas:** Baixa

**Edif. Anexas:**

**Mat. Fachada:** Granito

**Mat. Estrutura:** Granito e madeira

**Mat. Cuberta:** Tella

**Elementos singulare**

**Construtivos:**

**Decorativos:** Na fachada principal aparecen a ámbolos dos lados da portada, nun sillar unha cruz latina gravada sobre pedestal triangular.

Decoración de lazaría e en espiral na portada.  
Na parte traseira, destacar a decoración dos capiteis e arquivoltas da ventá románica.

## Delimitación do Ben e da contorna

**Situación:** Outros  
**Area de Protección:** 100 m.

## Protección

**Tipo de ben:** Inventariado  
**Proposta de tipo de ben:**  
**Estado de Tramitación:** Declarado  
**Nivel de Protección Arq.:** Integral  
**Proposta Nivel de Protección Arq.**  
**Grao de Protección Arq.:** ----  
**Proposta Grao de Protección Arq.** ----  
**Xustificación da Protección:**  
**Titularidade**  
**Polígono:**  
**Parcela:**

## Conservación-Intervención

**Estado de Conservació** Bo  
**Uso Actual:** Religioso  
**Alteracións Morfolóxicas**  
**Tipo:**  
**Data:**  
**Descrición:**  
**Proxecto:**  
**Axentes:**  
**Observacións:** Un cartel cubre parte da portada. Encintado de cemento.

## Bens Mobles



















